

Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes conforme a Dereito.

Pontevedra, 10 de febreiro de 2014..—O Alcalde, PD, O Concelleiro Delegado, Vicente García Legísima. 2014001297

* * *

V I G O

E D I C T O

EXPEDIENTE EXPROPIATORIO POR TAXACIÓN CONXUNTA DA ACTUACIÓN ILLADA Nº 1 “SUBESTACION DE BALAIOS” DO PXOM (EXPTE. 232/413)

Por non resultar posible practicar a notificación persoal á interesada no lugar indicado como domicilio, por medio do presente anuncio e conforme ao disposto no artigo 59.4 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notifícasele á interesada o seguinte:

“PARCELA Nº 3 PRE

O día 15.11.2013, a Xunta de Goberno Local aprobou definitivamente o proxecto expropiatorio por taxación conxunta da Actuación Illada nº 1 «Subestación de Balaios» do PXOM de Vigo, o que implica a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados, aos efectos previstos no artigo 144 da LOUGA.

Como interesada no expediente, comunícasele que en próximas datas convocarase aos titulares de bens e dereitos expropiados ao levantamento das actas de pagamento e ocupación, tomándose posesión nese momento dos bens expropiados que se adquiren libres de cargas e gravames.”

Os datos da interesada son os seguintes:

Nº Notificación	Nome	Domicilio	C.P. Cidade - Provincia
892-2014	Ángeles Conde Trillo	Camiño de Sabaris, 5 (Pereiró)	Vigo - Pontevedra

Vigo, 17 de febreiro de 2014. — A VICEPRESIDENTA DA XMU, (Resolución do 08.02.2013), María del Carmen Silva Rego. 2014001806

* * *

B A I O N A

Mediante acordo plenario de data vinte seis de febreiro de 2014 aprobaranse as bases reguladoras da concesión de subvencións para actividades sociais, culturais, medio ambientais, de promoción da igualdade de oportunidades, xuventude, deportivas, a realizar durante o ano 2014 no concello de Baiona, procedendo a súa publicación consonte o disposto na Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Baiona.

Os Anexos da devandita convocatoria atópanse publicados na páxina web do Concello: www.baiona.org.

“As presentes bases, que rexerán a convocatoria para a concesión de subvencións para o desenvolvemento de actividades que persigan un fin social, cultural, medioambiental, de promoción da igualdade de oportunidades, xuventude e deportivo no ano 2014, estarán suxeitas á Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (en adiante LXS), a Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de

Galicia, Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento que desenvolve a devandita lei, e pola Ordenanza xeral de subvencións do concello de Baiona aprobada polo Pleno deste concello na sesión de 13 de xaneiro de 2005.

1.—OBXECTO DA SUBVENCIÓN:

A presente convocatoria pública de subvencións terá como obxectivo apoiar o desenvolvemento de programas ou actividades que complementen a programación e servizos municipais e que se realicen con carácter público en Baiona nos seguintes ámbitos:

- Actividades Sociais.
- Actividades Culturais.
- Actividades Medio Ambientais.
- Actividades de Promoción da Igualdade de Oportunidades.
- Actividades de Xuventude.
- Actividades Deportivas.

2.—ENTIDADES BENEFICIARIAS:

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria as asociacións, ou outras realidades asociativas sen ánimo de lucro, que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Baiona á data de presentación da solicitude, e que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Baiona, que teñan capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables.

3.—CONTÍA DA SUBVENCIÓN:

A contía da presente convocatoria ascende a 18.000 euros, con cargo á partida 924-48900 do Orzamento do ano 2013, prorrogado para 2014, sen prexuízo do seu incremento no Orzamento Xeral de 2014

O importe das subvencións outorgadas non poderán ser de tal contía que, illada ou en conxunto con subvencións ou axudas de outras administracións públicas ou de outros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver polo beneficiario.

- O importe máximo a percibir por cada entidade non poderá superar os 1.500 euros.

4.—GASTOS SUBVENCIONABLES:

Considéranse gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbida respondan á natureza da actividade subvencionada, e se realicen no ano 2014, sen que poidan ser obxecto de subvención:

- Inversións ou equipamentos das Asociacións
- Gastos de funcionamento das mesmas, neste senso non se admitiran como xustificación facturas de material de oficina, consumo de teléfono, combustible, enerxía eléctrica dos locais ou calquera outro similar

O proxecto a subvencionar será aquel que se sinale pola asociación no momento da solicitude e para o cal concedese a subvención, sen que logo poidase xustificar outro proxecto diferente, salvo causa debidamente xustificada que acredite a imposibilidade da súa realización, e que deberá acreditarse na memoria que se presente xunto coa súa xustificación

5.—CRITERIOS DE OUTORGAMENTO:

1. Os criterios que se analizarán para a concesión das subvencións serán os seguintes:
 - Características do proxecto: ámbito de aplicación, sector ou número de poboación beneficiaria, interese social, cultural e deportivo, incorporación de actividades innovadoras. *Ata 30 puntos.*
 - Número de socios da asociación. *Ata 30 puntos.*

- Traxectoria deportiva/artística/cultural e continuidade da mesma - *ata 30 puntos*.
- Porcentaxe de cofinanciamento da actividade por medio de achegas económicas das entidades, patrocinios, etc. *Ata 10 puntos*.

6.—PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

- a. As solicitudes de subvención dirixiranse ao Ilmo. Sr. Alcalde e presentaranse a través do Rexistro Xeral do concello ou por calquera dos procedementos establecidos no art. 38.4 da Lei 4/1999 do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- b. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.
- c. Será imprescindible presentar a solicitude de subvención cuberta no modelo que figuran no ANEXO I, O III, segundo se trate de subvencións para actividades ou actuacións musicais. No primeiro caso Ademais deberá presentar un proxecto por cada unha das actividades solicitadas conforme a ANEXO II, e achegar a seguinte documentación:
 - Fotocopia compulsada do CIF da entidade solicitante.
 - Declaración responsable do presidente da Asociación correspondente de estar o corrente das súas obrigas coa Seguridade Social, Facenda da Xunta e Axencia Estatal de Administración Tributaria

A mera presentación da solicitude suporá que o solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria.

7.—ENMENDA DE DEFECTOS:

De existir algún defecto na solicitude ou documentación adxuntos, seralle notificado ao interesado/a para que nun prazo de 10 días emende o defecto ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que si non o fixera considerárase desistido na súa petición despois da correspondente resolución, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

8.—PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN:

A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle á Comisión de Valoración, que estará constituída polo Alcalde-Presidente do Concello de Baiona, a Concelleira de Cultura, o Concelleiro delegado da concellería competente, un concelleiro doutros grupos políticos da Corporación por turno rotatorio, a Secretaria Xeral e a Interventora municipal. Todos e cada un dos membros desta comisión poderán se substituídos polas persoas nas que delegue cada un deles.

A comisión examinará cada unha das solicitudes presentadas, e aplicará os criterios de valoración aprobados nas presentes bases, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas e formular a correspondente proposta de adxudicación a prol de aquelas que obtiveran maior valoración.

A contía da subvención que se outorgará a cada beneficiario será directamente proporcional á puntuación obtida, sen que en ningún caso se poda superar o límite de crédito orzamentario dispoñible.

A proposta de adxudicación deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, a súa contía individual, así como a puntuación obtida por cada un, por aplicación dos criterios de valoración.

O órgano competente para a resolución das solicitudes de subvención é a Xunta de Goberno Local, previa proposta da Comisión de Valoración.

O prazo máximo para resolver e notificar as solicitudes de subvención será de tres meses contados a partir do día no que remate o prazo establecido nesta convocatoria para presentalas, e o silencio administrativo será desestimatorio.

9.—OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS:

1. Cumprir todas as estipulacións nestas bases e no marco xurídico definido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades (seguro de responsabilidade civil).
3. Comunicar de calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización da actividade subvencionada.
4. Someterse ao seguimento, control e comprobación de execución das actividades obxecto da subvención que estime procedente levar a cabo o concello, segundo o disposto no art. 46 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Informar e publicitar as actividades subvencionadas, facendo constar nun lugar destacado da publicidade das actividades e programas subvencionados a participación do concello, mediante a inclusión do seu logotipo e anagrama.
6. Participación equitativa de mulleres e homes, nenas e nenos en todas as actividades.

10.—XUSTIFICACIÓN E PAGO DA SUBVENCIÓN:

O pagamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria e tramitarase unha vez rematadas as actividades ou programas obxecto da subvención, ou a actuación musicais correspondente, e tras a presentación a través do Rexistro Xeral da seguinte documentación xustificativa, antes do 30 de novembro de 2014. As subvencións no xustificadas nesa data entenderase formulada a renuncia as mesmas

- a. Solicitude de liquidación da subvención concedida.
- b. Memoria detallada da actividade.
- c. Relación detallada de ingresos e gastos. Na relación de gastos presentaranse facturas orixinais polo importe subvencionado e compulsadas do total dos gastos da actividade. As facturas orixinais quedarán en poder da Administración
- d. Impresos publicitarios realizados con motivo da actividade subvencionada; en caso de non terse editado ningún material publicitario, deberá indicarse este extremo.
- e. Certificación en vigor, de estar ao corrente nos pagos co Seguridade Social, Consellería de Facenda da Xunta, e Axencia Estatal da Administración Tributaria
- f. Certificación Bancaria co IBAN completo, de conformidade coa normativa SEPA
- g. Calquera outro que sexa solicitado polo concello.

As facturas xustificativas da actividade deberán emitirse a nome da Asociación, e cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigacións de facturación

11.—SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCIÓN.

O Concello de Baiona, polos medios que estime oportunos e conforme a Lei xeral de subvencións, comprobará a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo as cales se concedeu a axuda.

12.—VIXENCIA.

O presente convocatoria estará vixente durante todo o ano 2014 quedando condicionado pola existencia de consignación orzamentaria

*DISPOSICIÓN FINAIS*

1. O Concello de Baiona quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.
2. En todo aquilo non previsto na presente convocatoria establecido nas disposicións legais vixentes aplicables en materia de subvencións”

Baiona, 21 de febreiro de 2014.—O Alcalde, Jesús Vázquez Almuíña.

2014001779

* * *

CANGAS*RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA*

Resultando que o Departamento de Contratación deste Concello informou dunha incidencia no expediente de contratación para a adxudicación do contrato de xestión do servizo público de axuda no fogar (SAF) ao resultar incompleta a información recollida no Anexo III do PCAP relativo ó persoal obxecto de subrogación.

Visto que o anuncio de licitación do expediente de contratación, aprobado mediante acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 27.01.2014 e publicado o día 11.02.2014 no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (n.º 28), finalizando o prazo de presentación de proposicións o próximo día 26 de febreiro.

Visto que a incidencia foi resolta tras requirir á actual concesionaria do servizo A Carón Soc. Coop. Galega para que completara os datos dos traballadores e solicitar que polo departamento de Benestar Social se emitira informe ó respecto.

Considerando o disposto no artigo 1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que establece os principios que rixen a contratación do sector público.

Considerando que conforme ao artigo 49 da Lei 30/92 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a petición dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros.

RESOLVO:

PRIMEIRO.—Ampliar o prazo de presentación de ofertas no expediente de contratación para a adxudicación do contrato de xestión do servizo público de axuda no fogar (SAF) do Concello de Cangas, por un período de 5 días a contar desde o seguinte á publicación da presente no Boletín Oficial da Provincia.

SEGUNDO.—Publicar a presente resolución con carácter urxente no Boletín Oficial da Provincia así como no Perfil do Contratante, facendo constar que fronte á mesma non cabe recurso algún.

Cangas, 24 de febreiro de 2014.—O Alcalde - Presidente, José Enrique Sotelo Villar.

2014001829

* * *